



## **REGULAMENTO PRECONGRESUAL 8º CONGRESO CIG-ENSINO**

### **Artigo 1º. Finalidade**

O presente regulamento, xunto cos seus anexos, ten como finalidade regular e ordenar o desenvolvemento do proceso precongresual do 8º Congreso da federación de Ensino da Confederación Intersindical Galega.

### **Artigo 2º. Composición do Congreso**

O Consello Federal da CIG-Ensino acordou con data 16/12/2020 convocar o 8º Congreso da CIG-Ensino para o día 26 de xuño de 2021, a celebrar na cidade de Santiago de Compostela. O calendario do proceso precongresual figura como ANEXO I ao presente Regulamento.

Este Congreso comporase de 150 congresistas de elección directa máis os integrantes do Consello Federal, que son integrantes natos do Congreso, segundo o artigo 17 dos actuais Estatutos da CIG-Ensino.

O período de cotizacións, para facer o reparto proporcional de congresistas que corresponden por cada comarca é o mesmo utilizado para o cómputo de congresistas do 8º Congreso da CIG, é dicir, entre o 01/07/2019 e 30/06/2020. Este reparto figura como ANEXO II deste Regulamento.

A 31/12/2020 fixarase a relación definitiva de integrantes do Consello Federal que son integrantes natos do Congreso.

As e os congresistas deberán estar todos electos con data do 30 de abril de 2021.

### **Artigo 3º. Comisión de Organización.**

A organización e tutela de todo o proceso precongresual do 8º Congreso Federal encoméndase á Executiva Federal, que a estes efectos constitúese en Comisión de Organización, podendo esta dotarse de cantos apoios técnicos xulgue necesarios a efectos de garantir o desenvolvemento do 8º Congreso Federal.

O enderezo da Comisión de Organización a efectos de notificación e recepción de documentación é o do local nacional da CIG-Ensino en Santiago de Compostela (Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10; correo-e: organizacion@cig.ensino.gal)

Son funcións da Comisión de Organización:

- a) Realizar o seguimento do proceso precongresual e dar resolución aos posíbeis imprevistos que se poidan producir
- b) Enviar ás Comarcas a relación de integrantes natos do Congreso.
- c) Enviar por correo electrónico á afiliación a documentación oficial que se someterá a debate nas asembleas, así como poñela a súa disposición en todos os locais da CIG-Ensino.
- d) Ser depositaria das actas que sexan remitidas polas Mesas presidenciais das comarcas e elaborar a listaxe definitiva de persoas delegadas con dereito a asistir ao Congreso.
- e) Recibir as candidaturas que se presenten á Executiva Federal.
- f) Coordinar a organización e infraestrutura da sesión congresual
- g) Facer entrega á Mesa Presidencial do Congreso da documentación do período precongresual.

#### **Artigo 4º. Censos**

As executivas comarcais da CIG-Ensino elaborarán os censos de afiliación electora e elixíbel. Estes censos estarán en soporte informático nun computador ao coidado do persoal administrativo que a comarca designe para este fin, segundo o establecido no proceso precongresual da CIG. Calquera persoa afiliada terá dereito a facer consultas nos censos de electores e elixíbeis durante o horario de abertura dos locais. Así mesmo, as compañeiras e compañeiros que teñen a condición de usuarios de base de afiliación, terán tamén acceso a estes censos, segundo o protocolo establecido ao efecto. Os calendarios de exposición e reclamacións aos censos farase segundo o seguinte calendario:

Data de publicación do censo de afiliación con dereito a participar no proceso precongresual	18/01/2021
Período de exposición de censo e reclamacións	18/01/2021- 08/02/2021
Prazo para a resolución de reclamacións	09/02/2021 - 16/02/2021
Data de publicación de censos definitivos	17/02/2021

Nos censos deberán constar os seguintes datos: nome e apelidos, antigüidade, última cota, centro de traballo, concello e unión local.

As reclamacións ao censo faranse a través das executivas comarcais da federación, que serán tamén as competentes para resolver.

Unha copia dos censos seralle entregada pola Executiva Comarcal, o mesmo día da asemblea, á presidenta ou presidente da Mesa Presidencial, así como aos interventores daquelas candidaturas que o soliciten, que asinarán unha certificación da entrega destes, coa obriga de devolvelos unha vez rematada a asemblea e deixalos baixo a custodia da presidencia da Mesa, até que remate o período de reclamacións. Nese momento, desde a presidencia da Mesa entregárase toda a documentación ao Secretario ou Secretaria Comarcal da CIG-Ensino.

### **Artigo 5º. Convocatoria de Asembleas**

As Executivas Comarcais serán as responsábeis da convocatoria das asembleas e todo o que isto leva consigo (comunicación á afiliación, seguimento dos censos, recollida de candidaturas, preparación do material necesario para a celebración destas, recollida das actas e o seu envío á Comisión de Organización).

A fin de facilitar a participación da afiliación no proceso precongresual deberán celebrarse asembleas, tanto de debate de relatorios como de elección de congresistas, en todas as Unións Locais constituídas da CIG-Ensino. Ademais poderán ser convocadas, a criterio das Executivas Comarcais, asembleas electivas e de debate naquelas Unións Locais nas que a CIG-Ensino non estea constituída e que reúnan un número mínimo de afiliación superior a 30.

Toda a afiliación deberá ser convocada mediante carta ou correo electrónico remitido con polo menos dez días de antelación á data fixada para a celebración da asemblea para debate de relatorios e elección de persoas delegadas do Congreso. Na carta deberá constar: día e hora de celebración da asemblea, lugar da súa celebración, temas a tratar, número de persoas delegadas a elixir e número de mulleres e homes que deben contemplar as distintas candidaturas (incluíndo titulares e suplentes e nas condicións que debe cumprir o reparto por xéneros), así como o prazo de presentación de candidaturas.

Na mesma convocatoria indicárase a posibilidade de obter unha copia dos textos a debate nos locais da CIG-Ensino, indicando que recibirán a documentación completa por correo

electrónico, instando á afiliación que non comunicara aínda o seu enderezo electrónico a que o faga se desexa recibir esa documentación por esa vía.

As distintas asembleas para a elección de persoas delegadas e debate de relatorios congresuais dunha mesma comarca celebraranse no mesmo día e hora.

### **Artigo 6º. Asembleas precongresuais**

De se celebraren varias asembleas nunha mesma comarca redactarase unha acta parcial en cada asemblea recollendo os votos acadados por cada unha das emendas ou relatorios alternativos presentados. Do mesmo xeito, elaborárase unha acta parcial dos resultados das votacións para elixir delegadas/os do Congreso.

Cos datos destas actas parciais elaborárase unha acta global a nivel da comarca, tanto de debate de relatorios como de elección de congresistas. Na acta global de debate de relatorios figurará o número total de votos acadados por cada emenda ou relatorio alternativo, para efectos de determinar as que acadan o número mínimo de votos esixíbeis para pasar a debate no Congreso. A acta global de elección de delegadas/os incorporará os resultados de todas as actas parciais.

Os modelos de actas parciais e globais figuran como ANEXO III.

### **Artigo 7º. Dereito a voto**

Para ter dereito a voto cómpre ter as cotas ao día e unha antigüidade non inferior a tres meses de afiliación, segundo o recollido no artigo 10 dos estatutos da CIG.

### **Artigo 8º. Relatorios e emendas**

Os relatorios deben estar elaborados e aprobados polo Consello Federal da CIG-Ensino na data do 12/03/2021. Elaboraranse os seguintes relatorios:

- a) Regulamento da sesión do Congreso.
- b) Modificación de Estatutos
- c) Programa
- d) Relatorio de Acción Sindical
- e) Informe de xestión da Executiva Federal
- f) Informe económico

Terán a consideración de RELATORIOS OFICIAIS todos aqueles que obteñan a maioría dos votos dos asistentes ao Consello Federal. Tamén se repartirán conxuntamente cos oficiais os relatorios que acaden o 25% dos votos dos asistentes a dito organismo.

Desde a Comisión Nacional de Organización enviarase a todas as comarcas e localidades nas que está constituída a CIG-Ensino os distintos relatorios que se someterán a debate nas Asembleas comarcais para que estean a disposición de toda a afiliación. A maiores, desde a Comisión enviarase a mesma documentación por correo electrónico a toda a afiliación que dispoña de enderezo electrónico.

As EMENDAS que as afiliadas ou afiliados presenten aos relatorios oficiais deberán ser entregadas por escrito ou ben remitidas por correo electrónico ao local de afiliación da afiliada ou afiliado, dirixidas á Presidencia do organismo convocante (Secretaria/o Comarcal), cunha antelación de 48 horas, segundo o modelo do ANEXO IV.

No Congreso terán a consideración de emendas, e serán sometidas a debate no Pleno, as que estean en poder da Comisión Nacional de Organización do Congreso, segundo o calendario previsto, e que acadaran algún dos seguintes respaldos:

- a) 15% da Executiva Federal
- b) 25% das Executivas Comarcais ou Locais
- c) 25% das Asembleas Electivas Comarcais, cun mínimo de 15 votos.

Terán a consideración de RELATORIOS ALTERNATIVOS, e como tales serán sometidos ao debate no Pleno do Congreso, aqueles que estean en poder da Comisión Nacional de Organización do Congreso, segundo o calendario previsto, e que acadaran o dobre dos respaldos indicados nos apartados a), b) ou c) anteriores.

### **Artigo 9º. Candidaturas a congresistas**

Durante o proceso precongresual, a presentación de candidaturas rexerese polo Capítulo 5 dos Estatutos da CIG, e polo artigo 46 dos actuais Estatutos da CIG-Ensino, segundo o cal a presentación farase mediante listas pechadas, que deberán conter cando menos o número de persoas a elixir como delegados/as ao Congreso no ámbito comarcal respectivo, incrementado nun terzo para casos de suplencia.

Na formalización da candidatura, para ser considerada válida, deberán facerse constar os seguintes datos: nome e apelidos, NIF, centro de traballo e sinatura de todos os integrantes da candidatura, segundo o modelo que figura como ANEXO V. Neste modelo de candidatura e, en cumprimento da LOPD, figura unha autorización para a exposición pública dos seus datos.

As candidaturas, que poderán incluír como máximo até un número igual ao dobre de delegadas/os a elixir, deberán presentarse á Executiva Comarcal convocante cun prazo

mínimo de 48 horas antes do inicio da Asemblea de elección. A Executiva Comarcal deberá comprobar que todos os candidatos e candidatas reúnen os requisitos estatutarios para se poderen presentar ás eleccións, notificando aos promotores, dentro do prazo das 24 horas seguintes aquelas deficiencias que detecte. Para estes efectos, as persoas promotoras das candidaturas deberán incluír, no documento da propia candidatura ou nun documento anexo, os medios para poderen ser notificadas/os de calquera deficiencia que o órgano convocante advirta nestas; entre estes medios deberá figurar un enderezo electrónico ou un número de fax.

As persoas promotoras das candidaturas teñen de prazo até tres horas antes da Asemblea para corrixir as deficiencias detectadas, dándose a partir deste momento por proclamadas as candidaturas definitivamente. Para estes efectos son inhábiles os sábados, domingos e festivos. É dicir, as 48 horas antes da Asemblea teñen que corresponderse con días laborábeis.

En ningún caso se poderán engadir nomes ás candidaturas unha vez transcorrido o prazo para a súa presentación. Os afiliados e afiliadas que non pertencen ao censo electoral non poderán formar parte da candidatura, e decaerán desta automaticamente, non computando, polo tanto, para todos os efectos (incluída a porcentaxe de xénero que fixan os Estatutos da CIG). O mesmo tratamento daráselle aos nomes de afiliadas ou afiliados que non amosen o seu consentimento, ou soliciten o decaemento nalgunha candidatura, por teren sido incluídos/as sen o dito consentimento.

Calquera baixa que se produza unha vez proclamadas definitivamente as candidaturas non invalidará estas, sempre que se manteña un número de integrantes equivalente ao 60% do total, preservando a cota de xénero.

Todas as candidaturas poderán designar un interventor ou interventora por Mesa que formará parte da Mesa Presidencial con voz e sen voto.

### **Artigo 10º. Mesa presidencial e votacións**

A Executiva comarcal será a responsábel de dar inicio á Asemblea, procedendo á elección dunha Mesa Presidencial e proporcionándolle a esta toda a documentación que precise. A Mesa constará de Presidente/a, Secretario/a e Vogal e deberá contar co respaldo de 2/3 dos electores presentes. Se na primeira votación non se acadasen os 2/3 realizarase unha segunda na que se deberá contar co apoio da maioría dos electores presentes. Unha vez elixida a Mesa, esta será a responsábel da marcha da Asemblea, proclamando as candidaturas e redactando acta de todas as decisións que se tomen. A Mesa disporá do

censo definitivo de afiliación con dereito a voto e do material necesario para o desenvolvemento da Asemblea. As decisións da Mesa adoptaranse por maioría.

As votacións serán mediante papeletas individuais por candidaturas. Unha vez feito o recuento dos votos, farase por parte da Mesa a asignación dos representantes que corresponden a cada candidatura, segundo reparto proporcional ao número de votos obtidos por cada unha delas. O desempate en número de votos decidírase a favor do candidato/a con maior antigüidade na afiliación. En caso de que a persoa que acade a condición de congresista desista da mesma, pasará a ter dereito a persoa que chegou a acadar esa condición no desempate. Os desempates constarán na respectiva acta de elección

As asembleas para a elección de delegados/as que se celebren no ámbito local elixirán, co mesmo criterio, unha Mesa que dependente da Mesa Comarcal garanta os debates dos relatorios e a votación das candidaturas. Rematada a votación dará traslado da Acta Parcial, segundo o modelo e vía fax, á Mesa Comarcal a fin de que se poida realizar o escrutinio global, consignado os datos nunha Acta Global. Os orixinais deberán estar en poder da Mesa Comarcal no seguinte día hábil á celebración da asemblea.

Do resultado das votacións, a Mesa redactará acta, que será asinada polos seus integrantes e exposta nos locais da federación nos que se celebraron as Asembleas. De existiren actas parciais, engadiranse á acta global. As impugnacións á acta poderanse presentar por parte de calquera afiliada/o afectada/o á presidencia da Mesa nas 24 horas seguintes á celebración da Asemblea, resolvendo esta en primeira instancia nas seguintes 24 horas. No caso de desacordo poderase recorrer ante a Comisión Nacional de Organización no prazo das 24 horas seguintes.

### **Artigo 11ª. Congresistas.**

O cargo de congresista é persoal e intransferíbel, agás causa de forza maior que imposibilite a asistencia. Neste suposto, a persoa afectada comunicará por escrito a súa baixa como congresista ao Secretario de Organización, a través da executiva comarcal da federación, podendo ser substituído/a polo seguinte da súa mesma lista. O Secretario de Organización dará traslado de dita baixa á Comisión Nacional de Organización. O prazo máximo para proceder a este tipo de substitucións rematará 24 horas antes da hora fixada para o inicio do Congreso.

### **Artigo 12ª. Candidaturas á Executiva Federal.**

As candidaturas á Executiva Federal terán que se presentar 48 horas antes do inicio das sesións do Congreso perante a Comisión Nacional de Organización, seguindo os requisitos

sinalados no artigo 46 dos actuais Estatutos da CIG-Ensino para que sexan consideradas válidas. En caso contrario, serán nulas. Os defectos corrixíbeis serán os erros detectados por parte da Comisión de Organización que non sexan imputábeis aos promotores da candidatura. O prazo de corrección será de 24 horas desde que se comunica aos promotores. Para isto deberán facilitar, con carácter obrigatorio, un teléfono, un enderezo electrónico e un número de fax á Comisión Nacional de Organización coa entrega da candidatura, así como o nome da persoa responsábel desta.

Calquera modificación estatutaria, aprobada no Congreso, que implique algún tipo de modificación nas candidaturas, obriga á Mesa Presidencial a dar un tempo de corrección aos promotores das distintas candidaturas.

A non aceptación dunha candidatura por parte da Comisión Nacional de Organización poderá ser recorrida polos promotores diante da Mesa Presidencial do Congreso, tendo que aceptar todas as partes a súa decisión.



## ANEXO I. CALENDARIO PRECONGRESUAL

16/12/2020	Consello Federal para a convocatoria do 8º Congreso, a aprobación do Regulamento precongresual e designación das comisións
18/01/2021	Data de publicación do censo de afiliación con dereito a participar no proceso precongresual
18/01/2021 - 08/02/2021	Período de exposición e de reclamacións ao censo
09/02/2021 - 16/02/2021	Período para a resolución de reclamacións ao censo
17/02/2021	Data de publicación de censos definitivos
12/03/2021	Consello Federal para a aprobación da documentación oficial do Congreso
22/03/2021 - 08/04/2021	Asembleas comarcais para o debate de relatorios
07/04/2021 - 30/04/2021	Asembleas comarcais para a elección de delegados/as.
24 horas posteriores á asemblea	Prazo para presentar reclamacións ás actas das asembleas comarcais
24 horas posteriores ao día de reclamacións	Prazo para resolver as reclamacións ás actas das asembleas comarcais. Data de envío da documentación á Comisión Nacional de Organización.
19/05/2021	Consello Federal para o estudo das emendas e relatorios alternativos
15/06/2021	Remate do prazo para a presentación de candidaturas á Executiva Federal
26/06/2021	8º Congreso

## ANEXO II. REPARTO DE CONGRESISTAS

<b>REPARTO DE CONGRESISTAS 8º CONGRESO CIG-ENSINO</b>	
<b>COMARCA</b>	<b>CONGRESISTAS</b>
<b>A CORUÑA</b>	<b>28</b>
<b>FERROL</b>	<b>12</b>
<b>COMPOSTELA</b>	<b>29</b>
<b>LUGO</b>	<b>18</b>
<b>OURENSE</b>	<b>13</b>
<b>PONTEVEDRA</b>	<b>22</b>
<b>VIGO</b>	<b>28</b>
<b>NACIONAL</b>	<b>150</b>

### ANEXO III. ACTAS PARCIAIS E GLOBAIS DE ASEMBLEAS

#### 8º Congreso CIG-Ensino

#### ACTA DE ELECCIÓN DE CONGRESISTAS

ACTA PARCIAL  ACTA GLOBAL

Unión Comarcal: .....

Empresa (se é o caso):.....

**Nota.-** Se os datos que hai que incorporar a este modelo de acta non collen nos espazos previstos para iso, pódese realizar a acta en papel á parte, respectando a estrutura deste modelo.

En ....., o día ..... de ..... de 2021, reunida a asemblea de afiliación do ámbito que se sinalou arriba co obxecto, entre outros puntos, de elixir as e os congresistas que lle corresponden, procédese en primeiro lugar á elección da Mesa presidencial, que queda composta por:

Nome .....

na presidencia

Nome .....

na secretaría

Nome.....

como vogal.

Participaron ademais na Mesa **durante o proceso de votación**, con voz e sen voto, as seguintes persoas como representantes ou interventoras das candidaturas:

Nome .....(«A»)

Nome.....(«B»)

Nome.....(«C»)

## CANDIDATURAS PRESENTADAS:

- Candidatura única aberta    Candidatura única pechada    Varias candidaturas pechadas

*No caso de presentación de varias candidaturas pechadas deberán identificarse como A, B, C...e incorporarse á presente acta copia de cada unha delas, asinada de orixinal polo órgano convocante da Asemblea coa conformidade de recepción no prazo indicado no Regulamento Precongresual.*

Realizadas as votacións e feito o recuento de votos, prodúcese o seguinte resultado:

--

## RELACIÓN DE CONGRESISTAS ELIXIDAS

- Congresoistas elixidas en candidatura única, en réxime de lista aberta
- Congresoistas elixidas nunha ou máis candidaturas pechadas (indicar A, B, C) ao carón do nome se hai varias candidaturas.

1	15
2	16
3	17
4	18
5	19
6	20
7	21
8	22
9	23
10	24
11	25
12	26
13	27
14	28
	29

**Incidencias ou reclamacións formuladas por interventores/as das candidaturas**

.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....

(Se o espazo é insuficiente, pódese achegar escrito).

Asdo.-Presidencia

Asdo.-Vogal

Asdo.-Secretaría

Asdo.-Representantes-interventores/as.

## ANEXO IV. MODELO PARA PRESENTACIÓN DE EMENDAS

### 8º Congreso CIG-Ensino

#### EMENDA

<p>Sobre o documento:</p> <p><input type="checkbox"/> Regulamento das sesións do Congreso</p> <p><input type="checkbox"/> Estatutos. Modificacións estatutarias.</p> <p><input type="checkbox"/> Relatorio de Acción Sindical</p> <p><input type="checkbox"/> Programa</p>	<p>Páxina: ..... Liña: .....</p> <p>Outras indicacións de localización:</p> <p>.....</p> <p>.....</p>
--	---

Explicación da emenda

(se o espazo resulta insuficiente, continuar no reverso). Pode agregarse tamén como anexo.

Texto da emenda de:  Substitución,  Adición,  Ampliación,  Supresión

(se o espazo resulta insuficiente, continuar no reverso). Pode agregarse tamén como anexo.

<p>Portavoz da emenda:</p> <p>Nome</p> <p>Data: ..... / ..... / 2021</p> <p>Sinatura</p>	<p>Trámite na 1ª fase de debate: Apoio obtido segundo o art.8 do Regulamento: .</p> <p>Sinatura secretaria do órgano convocante</p>
--	---

## ANEXO V. MODELO DE CANDIDATURA

CANDIDATURA PARA ELECCIÓN DE CONGRESISTAS. 8º CONGRESO CIG-ENSINO  
COMARCA:.....

Nº	Nome e apelidos	NIF	Centro de traballo	Sinatura

*De cara ao cumprimento da Lei Orgánica de Protección de Datos, e tal e como recolle o artigo 9º do Regulamento precongresual da CIG-Ensino, as persoas integrantes desta candidatura autorizamos a pública exposición dos nosos datos consignados con motivo da nosa inclusión nesta candidatura de congresistas para asistir ao 8º Congreso da CIG-Ensino.*